

ACCIONES DE MELLORA

Facultade de Educación e Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Sistema de garantía e calidade

Denominación

1. Creación e posta en marcha da Comisión de Plan Estratéxico da Facultade

Estado

Realizada: O 17 de decembro de 2021, a Xunta de Centro da Facultade aprobou a creación da Comisión do Programa de Desenvolvemento Estratéxico, que, por acordo unánime, queda constituída polos membros da Comisión Interna de Garantía de Calidade máis todos os membros da comunidade universitaria da Facultade que presentaron a súa candidatura antes do 31 de xaneiro de 2022.

Integrantes da Comisión: PDI, PAS, estudantado, egresados/as e representantes da sociedade.

Accións a desenvolver

Creación da Comisión e subcomisións. Identificación e organización de grupos de traballo. Planificación temporal e accións a desenvolver. Elaboración de documentación asociada.

ACCIÓN S DE MELLORA

Facultade de Educación e Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Recursos materiais e servizos

Denominación

2. Adquisición cadeiras de rodas para actividades de sensibilización

Estado

Realizada: Esta acción de mellora está realizada e os materiais están na facultade á disposición das persoas e plans formativos que requiran o uso destes materiais.

Queremos deixar constancia do agradecemento ao Sergas pola súa cesión para a mellora da sensibilización do colectivo universitario cara ás persoas con necesidades de apoio educativo por cuestións de mobilidade reducida.

Accións a desenvolver

Solicitar ao Sergas a cesión gratuita de cadeiras de rodas descatalogadas.

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

3. Transformación da Facultade (espazos, web, metodoloxías,...) nun modelo educativo inclusivo

Estado

En proceso de realización:

No mes de marzo de 2023, a Comisión de Calidade validou o Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social, cuxa visión persegue conformar un espazo formativo con accesibilidade universal que transcenda ás aulas xerando contextos de aprendizaxe inclusivos e promotores da diversidade. Esta visión planifícase de modo secuencial na súa política de obxectivos de calidade.

En liña con esta proposta de mellora, no mes de marzo aprobáronse as políticas e obxectivos de calidade nas que a Facultade se compromete a traballar de cara á consecución dunha Facultade con accesibilidade universal.

Accións a desenvolver

Análise e debate na Comisión estratéxica e na Xunta de Facultade para identificación do constructo “Modelo educativo inclusivo”. Definición operativa e establecemento de obxectivos.

Temporalización das accións para desenvolver ao longo dos seis anos.

ACCIONES DE MELLORA

Facultade de Educación e Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

4. Regulamento interno de elección de delegadas/os de aula

Estado

Realizada: O Regulamento de delegados/as de alumnado nos catro títulos de grao da Facultade. A posta en marcha desta proposta de mellora tivo un impacto positivo na coordinación entre o alumnado de diferentes cursos e titulacións. Así mesmo, o recoñecemento oficial destas figuras e das súas funcións contribuíu á mellora da comunicación entre alumnado e coordinacións de curso e título, favorecendo unha colaboración máis fluída e eficaz.

Accións a desenvolver

Consulta do Marco-Normativa reguladora (Estatuto de estudantes).
Redacción do Regulamento.
Exposición , debate e aprobación na Xunta de Facultade
Exposición na Web.

ACCIONES DE MELLORA

Facultade de Educación e Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Sistema de garantía e calidade

Denominación

5. Obter o Distintivo de Igualdade para a Facultade

Estado

Realizada: Facultade foi recoñecida co Distintivo de Igualdade por Resolución Reitoral de 08 de abril de 2022 pola que se resolve a segunda edición do distintivo de igualdade destinado ás escolas, facultades e centros da Universidade.

Accións a desenvolver

Recoller evidencias que proban o compromiso que mantén a comunidade educativa da Facultade de Educación e Traballo Social coas políticas de igualdade, tanto nas dinámicas internas, como nas xerais do Campus e do conxunto da Universidade. Elaboración de Informe e presentación a convocatoria para a obtención do Distintivo de Igualdade da Universidade de Vigo.

ACCIÓN S DE MELLORA

Facultade de Educación e Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Recursos materiais e servizos

Denominación

6. Aula de recursos para Educación Infantil e Primaria

Estado

Realizada: A aula de recursos de educación infantil e primaria pode considerarse unha acción pechada en canto á súa posta en marcha. A día de hoxe está funcionando como unha aula de referencia para materias de ambos graos, Educación Infantil e Primaria. Ademais permitiu diferentes accións en colaboración con escolas e institucións da contorna.

Accións a desenvolver

Deseño do espazo.

Acondicionamento (pintura, chan,...).

Selección e adquisición de equipamento (estanterías, mobiliario, alfombras, materiais educativos,...).

ACCIÓNS DE MELLORA

Facultade de Educación e Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

7. Promover maior implicación na coordinación do Mestrado de Secundaria

Estado

Realizada: Procedeuse en Xunta de Centro, celebrada o día 26 de maio de 2022 ao debate sobre a pertinencia e disposición de recursos para ofrecer o equipo de goberno a súa dispoñibilidade a asumir esta nova responsabilidade de coordinación. Tal e como pode observarse, a facultade acordou, no seu punto 5: Aprobación, se procede, da solicitude de coordinación desde esta Facultade, do Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas. O Decano indica que se trae este punto á Xunta de Centro para deixar por escrito en acta este tema do que se ten tratado en moitas reunións. Resulta incongruente que este máster se coordine desde a Facultade de Bioloxía sendo un Máster de Educación, máis considerando as reformas que se van acometer no campo da Educación. Con posterioridade a este acordo, o decano fixo chegar de modo informal as intención da Facultade tanto ao Reitor como á Vicerreitoría con Competencias neste asunto.

Accións a desenvolver

Debate no seo dos órganos da Facultade sobre a pertinencia e disposición de recursos para ofrecer o equipo de goberno a súa dispoñibilidade a asumir esta nova responsabilidade de coordinación.

Criterio Sistema de garantía e calidade

Denominación

8. Promover a coordinación transversal das titoras do Plan de Acción Titoria

Estado

Realizada: A integración de actuacións da acción dos titores/as materialízase nunha acta común de cada titulación, que é difundida entre o profesorado participante e o equipo decanal, tal e como se recolle na memoria do PAT-ANEAE do 2020-2021. Por outra banda, a integración dos delegados de aula materialízase na creación de comunidade virtual, que se utiliza como canle de comunicación entre estudiantado e delegados de aula coa coordinación do PATANEAE e as coordinacións de título, tal e como recolle na memoria do PATANEAE (2020-2021).

Accións a desenvolver

Revisión, análise e elaboración dun informe no que se identifiquen debilidades e fortalezas a partir das actas individuais de seguimento de PAT.

Posta en común entre todos os titores/as de PAT e coordinadora.

ACCIÓNS DE MELLORA

Facultade de Educación e Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Información e transparencia

Denominación

9. Estudo para a adaptación da páxina web a persoas invidentes

Estado

Realizada: Desenvolvéronse diferentes reunións con personal experto en cuestións de accesibilidade web (Pablo Vilariño Otero, Instrutor de Tiflotecnoloxía e Braille do Centro de Recursos Especiais da Once; Mar de la Fuente Ilunión, Accesibilidade ONCE; Arinfo, responsables da xestión da WEB da Facultade), culminando na proposta de orzamento para avaliación, asesoramento e certificación de accesibilidade (orzamento que será elevado aos órganos responsables para a súa aprobación).

Accións a desenvolver

Promover un encontro entre os xestores da web da facultade e a Fundación ONCE como expertos neste tipo de actuacións. O obxectivo é coñecer a posibilidade de adaptar os contidos da web a formatos podcats e estimar o tempo e orzamento necesarios.

ACCIONES DE MELLORA

Facultade de Educación e Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

10. Planificación e revisión anual da electrificación das aulas

Estado

Realizada: A menor valoración das aulas que dos espazos autónomos e os laboratorios, con respecto a anos anteriores, motivou unha revisión da electrificación das aulas 0.3; 0.4; 0.9 e 0.10, así como a revisión para a posta a punto das aulas 1.5 e 2.4.

Se ben dende a perspectiva do emprego dos recursos electrónicos por parte do alumnado se ve favorecida pola disposición de enchufes en cada mesa, este aspecto dificulta a mobilidade do mobiliario e a aplicación de metodoloxías docentes máis activas e flexibles, polo que se require dunha reflexión sobre estes aspectos.

Accións a desenvolver

Electrificación das Aulas 0.3; 0.4; 0.9 e 0.10 Arranxar as aulas 1.5 e 2.4.

ACCIONES DE MELLORA

Facultade de Educación e Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

11. Estimular as prácticas socioeducativas no ámbito rural

Estado

Realizada: Ante o incremento dos gastos derivados de desprazamento e manutención das prácticas en institucións socioeducativas do medio rural, a Facultade convocou con data 17 de xuño de 2022 un total de 12 bolsas de axudas para desprazamentos a institucións socioeducativas do rural coa finalidade de promover o coñecemento e formación nestes contextos socioeducativos.

Accións a desenvolver

Aprobación de bolsas de axudas para gastos de desprazamento durante a realización do prácticum en centros socioeducativos rurais.

ACCIONES DE MELLORA

Facultade de Educación e Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Información e transparencia

Denominación

12. Dar visibilidade os proxectos de investigación de docentes do centro na Web da Facultade

Estado

Realizada: A Facultade de Educación e Traballo Social, de xeito complementario ás actividades de formación, conta coa misión de proporcionar coñecemento e ferramentas que atendan aos problemas do ámbito socioeducativo.

Baixo os principios de atención á diversidade e innovación, e en contacto coa sociedade, o persoal docente e investigador atópase inmerso en diferentes proxectos de investigación e desenvolvemento. Co fin de dar visibilidade a estas liñas de traballo abriuse na páxina web da Facultade un espazo específico baixo a denominación I+D+I, no que se pode ver tanto os grupos existentes como os proxectos subvencionados en convocatorias de concorrencia competitiva nos que participan os docentes da facultade.

Accións a desenvolver

Incluír na Web da facultade un epígrafe de I+D

ACCIONES DE MELLORA

Máster en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Curso 2021-22

Criterio Información e transparencia

Denominación

13. Incorporar un enlace na web do título ao campus activo da Uvigo

Estado

Realizada: Enlace engadido na parte superior da páxina web, xunto a Campus Remoto e Moovi.
Pode comprobarse no seguinte enlace: <http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/>

Accións a desenvolver

Incorporar na web propia do Mestrado un enlace ás actividades extra-académicas ofertadas polos diferentes servizos da Uvigo.

ACCIÓNS DE MELLORA

Máster en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

14. Mellorar no PAT-ANEAE as accións de formación específicas dirixidas á orientación laboral

Estado

Realizada: Con relación á proposta de mellora dirixida a “mellorar no PAT-ANEAE as accións de formación específica dirixidas á orientación laboral” no curso 2021/2022, no Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en contextos educativos, realizouse unha actividade propia denominada “Xornada sobre orientación e saídas profesionais”. A actividade levouse a cabo o día 15/03/2022. O propósito da mesma, tendo en conta que nos títulos de grao a orientación laboral se dirixe maioritariamente á participación laboral dentro da administración pública, dirixiuse a visibilizar outros contextos laborais e nichos de emprego emerxentes.

Contouse cos seguintes relatorios: 1) O autoemprego: fórmulas, incentivos e axudas; 2) O traballo social exercido dende a iniciativa privada, clientes colectivos e individuais; e 3) Escolas vinculadas á natureza para transformar a educación.

Dado que o nivel de participación do alumnado neste tipo de actividades de orientación laboral é baixo, estanse explorando outras fórmulas de organización conxunta entre os diferentes títulos do centro, baixo a coordinación da responsable PAT-ANEAE no mesmo.

Accións a desenvolver

Incluír na WEB e na MOOVI información sobre saídas profesionais.

Recomenadar a titores/as que aborden os intereses profesionais dos estudantes e informalos das xornadas específicas, que se levan a cabo no PAT-ANEAE.

Optimización da sistematización/organización das materias para mellorar o grao de satisfacción do estudantes titulados, incluíndo de forma transversal orientacións e aplicación dos contidos ao ámbito laboral. Unha das fortalezas indicadas no Informe Anual (MC- 05 Satisfacción de usuarios e usuarias) revela que os estudantes están moi satisfeitos co profesorado que exerce profesionalmente co colectivo a estudar e lle contan experiencias. Neste senso, valoran os debates que se activan nas aulas, ao permitirlle poñerse en contacto directamente co mundo laboral.

ACCIONES DE MELLORA

Máster en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

Curso 2021-22

Criterio Indicadores de satisfacción e rendemento

Denominación

15. Medidas que faciliten a elaboración do TFM

Estado

Realizada en parte: É preciso continuar coas medidas existentes (i.e., curso da biblioteca sobre o manexo das bases de datos e a elaboración de referencias bibliográficas) e actividades formativas nas materias específicas do mestrado que abordan deseños de investigación e análise de datos, que faciliten a elaboración do TFM. Introduciuse unha nova medida: sesións formativas sobre a realización de revisións sistemáticas.

Accións a desenvolver

Introducir medidas que faciliten a elaboración do TFM.

ACCIONES DE MELLORA

Grao en Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

16. Espazos de coordinación por cada curso do Grao na plataforma virtual

Estado

Realizada: Creados en Moodle os 4 espazos de coordinación nos 4 cursos de Traballo Social en liña utilizando a plataforma Moovi, onde se pode organizar e coordinar a información e xestión de contidos dirixidos ás e ós estudantes matriculadas/os nese curso académico.

Cada espazo é coordinado pola coordinadora de grao así como o/a coordinador/a de curso que corresponda. As seccións que poden atoparse en cada curso son: Anuncios, Foro de dúbidas, Información de Coordinación, Delegadas de curso, Horarios, Grupos, Documentos de interese estudantes 1º, Protocolo COVID e Redes Sociais.

Accións a desenvolver

Establecer uns espazos de coordinación das materias por cada curso do grao na plataforma virtual Moovi.

ACCIONES DE MELLORA

Grao en Traballo Social

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

17. Diseñar unha estratexia de promoción en RRSS do Grao en Traballo Social, para mellorar o coñecemento que os futuros estudantes teñen sobre o mesmo

Estado

Realizada: Difusión dos estudos do Grao de Traballo Social, así como das actividades realizadas. Impacto nas Redes Sociais creadas. Elixíronse dúas plataformas (Instagram e Facebook) como fundamentais para promocionar o grao de Traballo Social. Desde a coordinación do Grao, dedicouse un tempo para elaborar un calendario de contidos. Enviáronse contidos de maneira continuada incluíndo textos, fotografías e vídeos de elaboración propia.

Accións a desenvolver

Diseñar unha estratexia de promoción en RRSS do Grao en Traballo Social, para mellorar o coñecemento que os futuros estudantes teñen sobre o mesmo.

ACCIÓNS DE MELLORA

Grao en Educación Social

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

18. Retomar accións de orientación no PAT previos á pandemia por Covid 19

Estado

En proceso: Tendo en consideración que a valoración do PAT é baixa, propoñemos manter accións realizadas antes da pandemia.

Accións a desenvolver

Retomar as accións de orientación que se viñan realizando nos cursos previos á pandemia. Especialmente as accións de orientación presenciais nas xornadas de acollida.

ACCIONES DE MELLORA

Grao en Educación Infantil

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

19. Promover maior seguimento de actividades extracurriculares a través das redes sociais

Estado

Realizada: A Facultade e, de xeito máis específico, os graos en Educación Infantil e Primaria, levaron a cabo numerosas accións enfocadas a difundir as actividades extracurriculares. Os foros empregados foron diversos: perfil Instagram, Facebook, DUVI ou páxina da web da facultade, apartado de Actualidade. Froito deste esforzo, incrementaron notablemente o número de seguidores nos diferentes perfís das redes. Polo que se refire ás noticias dixitais, a Facultade e os graos de infantil e primaria de xeito específico protagonizaron dúas de noticias apartado de “Actualidade” da páxina web da facultade, así como imaxes nos perfís das redes sociais.

Accións a desenvolver

Promover maior seguimento a través das redes sociais; e animar a delegadas e delegados de curso a transmitir a información sobre actividades extracurriculares e a participación nelas. Implementar no Plan de Acción Titorial algunha acción de visibilización da oferta deportiva, educativa e cultural, implicando ao propio alumnado participante.

ACCIONES DE MEELLORA

Grao en Educación Infantil

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

20. Transferencia educativa a centros escolares próximos

Estado

Realizada: A transferencia dende a Facultade cara centros e institucións educativas da contorna tense materializado na colaboración de profesorado e alumnado de diferentes materias dos graos en accións como as que seguen:

1. Materia: "Expresión musical e a súa didáctica"(Educación Infantil), sesións musicais levadas a cabo polo alumnado da Facultade na Escola Infantil do Campus Concepción Sáiz Otero.
2. Materia: "Expresión e linguaxe musical"(Educación Primaria), serie de xogos musicais realizados polo alumnado nos centros: CEIP Curros Enríquez e Colexio Maristas (do 31 de marzo ao 3 de maio de 2023). Con estas sesións búscase que o futuro profesorado xeneralista de primaria experimente o proceso de adaptar xogos musicais para alumnado dos diferentes cursos de primaria de modo fundamentado, secuenciado e reflexivo, e saiba avalialos e achar propostas de mellora das adaptacións iniciais tras a súa posta en práctica en centros de educación primaria.
3. Materia "Didáctica da Lingua e da Literatura": Colaboración co colexio Mestre Vide no obradoiro de creación de cómic para fomentar valores equitativos.
4. Materia de Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil (Educación infantil),transferencia aos colexios da cidade de Ourense: As Mercedes, Curros Enríquez, Manuel Sueiro, Prácticas e Mestre Vide, a través dun proxecto de Aprendizaxe-Servizo no que se desenvolveu unha proposta didáctica que integra tecnoloxía educativa con sentido pedagóxico. O alumnado da Facultade aprende a planificar e a desenvolver a proposta nun contexto concreto e as docentes dos centros educativos integran cuestións de tecnoloxías sen pantallas, aspectos que habitualmente non empregan, beneficiándose tamén da experiencia as crianzas das aulas.

Accións a desenvolver

Organización de Proxecto Colaborativo ao redor do COMIC en colaboración co Colexio Mestre Vide.

ACCIONES DE MELLORA

Grao en Educación Infantil

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

21. Modificación da sesión de orientación e saídas profesionais para garantir que todo o alumnado sexa receptor desta información

Estado

Realizada: Se ben se reflexionou e debateu (responsable PAT e coordinacións de títulos) sobre como garantir a chegada de información a todo o alumnado, e se implementaron novas accións que se prevían eficaces, os resultados non foron os agardados. A asistencia de alumnado ás accións de orientación do PAT foi moi baixa. Estudaranse novas estratexias para mellorar o impacto desta orientación, entre as que se considera o desenvolvemento das charlas informativas en horas de clase cedidas por algún docente.

Accións a desenvolver

Deseñar accións informativas sobre as mencións en Educación Infantil e Primaria e sobre as de saídas profesionais en sesións independentes e incluso monográficos específicos para cada perfil profesional.

ACCIONES DE MELLORA

Grao en Educación Infantil

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

22. Análise e debate sobre tipoloxías metodolóxicas que caracterice a formación das mestras/es en Educación Infantil e poida ser recollida no SET (Suplemento Europeo ao Título)

Estado

Realizada: Hai dous feitos que poñen en evidencia que poñen de relevo a finalización desta proposta de mellora: a consecución do proxecto de innovación educativa, no que se verten as conclusións do debate previo á súa solicitude, e a aprobación do Programa Estratéxico 2023-2026 da Facultade de Educación e Traballo Social, en cuxo documento de políticas e obxectivos de calidade se evidencia no Obxectivo 1 o compromiso explícito da Facultade coa innovación docente de metodoloxías activas e colaborativas.

Accións a desenvolver

Solicitarase a decanato unha convocatoria formal do profesorado para reflexionar sobre este aspecto e valorar que medidas adoptar.

ACCIONES DE MELLORA

Grao en Educación Primaria

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

23. Análise e debate de tipoloxías metodolóxicas para formación de mestras en Educación Primaria

Estado

Realizada: Hai dous feitos que poñen en evidencia que poñen de relevo a finalización desta proposta de mellora: a consecución do proxecto de innovación educativa, no que se verten as conclusións do debate previo á súa solicitude, e a aprobación do Programa Estratéxico 2023-2026 da Facultade de Educación e Traballo Social, en cuxo documento de políticas e obxectivos de calidade se evidencia no Obxectivo 1 o compromiso explícito da Facultade coa innovación docente de metodoloxías activas e colaborativas.

Accións a desenvolver

Solicitarase ao decanato unha convocatoria formal do profesorado para reflexionar sobre este aspecto e valorar qué medidas adoptar.

ACCIONES DE MELLORA

Grao en Educación Primaria

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

24. Mellorar a distribución temporal das probas de avaliación

Estado

Realizada: Dada a valoración baixa durante dous ou tres anos consecutivos do calendario das probas de avaliación por parte do alumnado, levouse a cabo o deseño das probas empregando como criterio a distancia máxima permitida polo calendario académico da Uvigo entre as probas de avaliación dun mesmo curso e tamén, sempre e cando era posible, entre cursos diferentes, tentando programar as datas dos exames de modo que en cada semana non haxa máis de dúas probas de avaliación.

Accións a desenvolver

Evitar, na medida do posible, o solapamento temporal das probas de avaliación dos diferentes cursos do título.

ACCIONES DE MELLORA

Grao en Educación Primaria

Curso 2021-22

Criterio Indicadores de satisfacción e rendemento

Denominación

25. Mellorar a porcentaxe de alumnado participante nas enquisas de satisfacción

Estado

Realizada: Segundo os Índices de participación baixos nas enquisas de satisfacción, sobre todo no colectivo de alumnado, solicitouse a colaboración por parte de docentes da Facultade e mesmo a coordinación do grao acudiu a diferentes aulas para promover esta participación. Os resultados acadados son altamente satisfactorios, ao lograr un elevado índice de participación, que supera 50% (porcentaxe máis altas dos últimos anos).

Accións a desenvolver

Solicitar colaboración do equipo docente de 3º curso para facilitar a cumprimentación das enquisas de satisfacción na aula.

ACCIONES DE MELLORA

Grao en Educación Primaria

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

26. Promover maior seguimento de actividades extracurriculares a través das redes sociais

Estado

Realizada: A Facultade e, de xeito máis específico, os graos en Educación Infantil e Primaria, levaron a cabo numerosas accións enfocadas a difundir as actividades extracurriculares. Os foros empregados foron diversos: perfil Instagram, Facebook, DUVI ou páxina da web da facultade, apartado de Actualidade. Froito deste esforzo, incrementaron notablemente o número de seguidores nos diferentes perfís das redes. Polo que se refire ás noticias dixitais, a Facultade e os graos de infantil e primaria de xeito específico protagonizaron dúcias de noticias apartado de “Actualidade” da páxina web da facultade, así como imaxes nos perfís das redes sociais.

Accións a desenvolver

Promover maior seguimento a través das redes sociais e animar a delegadas e delegados de curso a transmitir a información sobre actividades extracurriculares e a participación nelas. Implementar no Plan de Acción Titorial algunha acción de visibilización da oferta deportiva, educativa e cultural, implicando ao propio alumnado participante.

ACCIONES DE MELLORA

Grao en Educación Primaria

Curso 2021-22

Criterio Organización e desenvolvemento

Denominación

27. Modificación da sesión de orientación e saídas profesionais para garantir que todo o alumnado sexa receptor desta información

Estado

Realizada: Se ben se reflexionou e debateu (responsable PAT e coordinacións de títulos) sobre como garantir a chegada de información a todo o alumnado, e se implementaron novas accións que se prevían eficaces, os resultados non foron os agardados. A asistencia de alumnado ás accións de orientación do PAT foi moi baixa. Estudaranse novas estratexias para mellorar o impacto desta orientación, entre as que se considera o desenvolvemento das charlas informativas en horas de clase cedidas por algún docente.

Accións a desenvolver

Deseñar accións informativas sobre as mencións en Educación Infantil e Primaria e sobre as de saídas profesionais en sesións independentes e incluso monográficos específicos para cada perfil profesional.